



Consello Social
Universidade de Vigo

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 11.12.2018**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 11.12.2018

HORA DE COMEZO: 11:05 h.

HORA DE REMATE: 12:55 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Daniel Barata Quintas
D. José María Martín Moreno
D. Jesús Graña Nogueiras
D. Antonio Macho Senra
D. Manuel González Piñeiro

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Raquel María Souto García
D. Jorge Cebreiros Arce

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 11 de decembro de 2018, ás 11:05 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30.05.2018).
2. Informe do Presidente.
3. Informe sobre o teito de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio 2019, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.
4. Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2019. Elevación ao Pleno.
5. Informe da previsión de cumprimento pola Universidade de Vigo da elaboración da liquidación do orzamento antes do 1 de marzo de 2019, consonte o Real Decreto Lei 14/2012.
6. Informe previo que proceda para a creación da empresa Ancora como EBT da Universidade de Vigo, e autorización para a participación no seu capital social, e as contraprestacións aplicables, se fose o caso.
7. Informe previo que proceda para a creación da empresa EM3W como EBT da Universidade de Vigo, participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables, se fose o caso.
8. Informe que proceda sobre a proposta de modificación do capital social da EBT "Alen Space" e a participación da Universidade de Vigo.
9. Elección, se procede, dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas.
10. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro.
11. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón á Universidade de Vigo do cadro "Retrato de Ramón María del Valle-Inclán", polo pintor Alejandro Cabeza.
12. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón á Universidade de Vigo de equipos de investigación da empresa Endesa, S.L.
13. Rogos e preguntas.

Don Daniel Barata agradece a asistencia dos presentes e escusa as ausencias. Dá a benvida a don José María Martín Moreno, vicerreitor de Economía, a quen informa da filosofía, metodoloxía e obxectivos da Comisión. Á reunión asiste como invitado don Rodrigo Cerviño, director de Administración da Universidade de Vigo.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30.05.2018).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Don Daniel Barata dá por cumprido este punto coa súa intervención inicial.



PUNTO 3

Informe sobre o teito de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio 2019, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.

Toma a palabra o vicerreitor de Economía para introducir este punto e dar a palabra a don Rodrigo Cerviño quen explica que se está a dar cumprimento ao que establece o R.D. Lei 14/2012, de 20 de abril, "de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo", debendo aprobar un límite de gasto para 2019. Dado que non ofrece a normativa ningunha fórmula nin método para fixar ese límite, da conta dos cálculos feitos e das operacións específicas efectuadas, propoñendo un teito de gasto por importe de 191.757.129 €, que tal e como establece a normativa non poderá ser excedido. A Comisión ACORDA:

- ***Informar favorablemente ao Pleno.***

PUNTO 4

Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2019. Elevación ao Pleno.

O vicerreitor don José María Martín presenta as liñas xerais do orzamento máis alto na historia da Universidade de Vigo, principiando por expoñer o marco normativo no que se desenvolven, a evolución do financiamento do SUG no período 2016-2020 e a distribución das achegas entre as tres universidades, e a evolución económico-financeira da UVigo. Subliña que se mantén o equilibrio orzamentario en superávit dende 2011, a captación de recursos en fontes non tradicionais e o cumprimento dos prazos para facer fronte aos pagamentos.

Repasa as cifras máis significativas do orzamento de ingresos, que medran respecto a 2018 en case dez millóns de euros, o que representa unha suba do 5,79%, debido a contribución do programa Horizonte 2020 da UE que achega novos fondos para financiar maiores proxectos de investigación, e ao "gran éxito" da convocatoria de infraestruturas de investigación. Salienta os puntos destacados do orzamento de gastos, con mención destacada á suba do gasto en Persoal (que aumenta un 6,3%, e que se xustifica pola subida salarial dos funcionarios e polo cumprimento de varias promesas electorais como o abono de complementos específicos de pagas extra ao PDI, a redución de horas docentes e varias ofertas de emprego público). Na exposición refire e explica as principais variacións por capítulos, entre elas o aumento do 204% en Gastos financeiros que atribúe á actualización da partida que estaba infraestimada, e o incremento dun 7,9 en investimentos reais pola consecución de fondos finalistas para infraestruturas de investigación. Finalmente, sinala como obxectivo seguir mantendo o equilibrio orzamentario con un pequeno superávit.

Agradece don Manuel González a incorporación de compromisos da campaña electoral e valora que o orzamento posibilite levalos a termo. Pregunta de seguido por dúas partidas (226.99 e 233) correspondentes a Outros gastos e Outras indemnizacións (por importes de 715.338 € e 480.344 € respectivamente), e solicita que se aporten máis datos sobre o seu contido. Don Rodrigo Cerviño ofrece unha primeira desagregación e comprométese a dar as explicacións necesarias e a remitir os ficheiros en detalle.

Don Jesús Graña interésase polo compromiso do equipo de goberno de avanzar na recuperación do poder adquisitivo do PDI, afectado pola crise económica dos últimos anos, abonando as pagas extras íntegras "que por dereito lle corresponden". Manifesta que bota de menos un pronunciamento do servizo xurídico avalando a medida, para dispor do respaldo legal que entende necesario e que demanda para ter claro que non se está vulnerando a legalidade. O vicerreitor de Economía afirma que se trata de abonar compoñentes do complemento específico das pagas extras non abonadas ao PDI nos anos 2007, 2008 e 2009. Complementa a súa explicación con un documentado informe histórico que sitúa o inicio do problema en 2005 e remata no momento presente, revelando que teríase que haber pagado en 2012 cando se produce unha sentenza favorable sobre un caso homologable. Remata indicando que se prevé facer o pago do



total ao longo dos próximos catro anos, e informa que a gran maioría das universidades españolas están efectuando o pago. O presidente da Comisión recolle a petición de don Jesús Graña, propoñendo que –con vistas á comunicación ao próximo Pleno dos asuntos tratados na Comisión– a petición do informe xurídico se desagregue noutro punto diferente ao do Orzamento, para que este non se vexa afectado na tramitación plenaria. A Comisión ACORDA:

- ***Elevar ao Pleno informe favorable sobre o orzamento e solicitar un informe xurídico que avale a legalidade do abono ao PDI das partes pendentes das pagas extras de anos anteriores.***

PUNTO 5

Informe da previsión de cumprimento pola Universidade de Vigo da elaboración da liquidación do orzamento antes do 1 de marzo de 2019, consonte o Real Decreto Lei 14/2012.

Ao abeiro do Real Decreto-Lei 14/2012, sobre a disposición que obriga as universidades a confeccionar a liquidación do orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte, así como a que outorga ao Consello Social a capacidade de intervir no caso de que a liquidación do orzamento da Universidade presente remanente de tesourería negativo, don José María Martín acredita que a liquidación farase en prazo e se cumprirá co disposto, coa previsión de que se pechará o exercicio en positivo. A Comisión ACORDA:

- ***Dar conta ao Pleno.***

PUNTOS 6 e 7

Informe previo que proceda para a creación da empresa Ancora como EBT da Universidade de Vigo, e autorización para a participación no seu capital social, e as contraprestacións aplicables, se fose o caso.

Informe previo que proceda para a creación da empresa EM3W como EBT da Universidade de Vigo, participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables, se fose o caso.

Revisada a documentación remitida aos membros, ao abeiro do establecido no artigo 6 da Normativa de creación de empresas da UVigo, e tras dar conta o secretario das competencias do Consello Social nestes puntos, a Comisión ACORDA:

- ***Emitir informe favorable.***

PUNTO 8

Informe que proceda sobre a proposta de modificación do capital social da EBT "Alen Space" e a participación da Universidade de Vigo.

Introducido este punto por don Daniel Barata, explica o secretario que a modificación que se propón deberá ser aprobada polo Consello Social, toda vez que a participación da UVigo no capital social é da súa competencia, unha das competencias básicas. Abunda no crecemento da empresa e resume que o capital social pasa dos 3.000 € aos 60.000 € para acometer con fondos propios o inicio da actividade empresarial. A participación da UVigo (un 3%) pasa de 90 € a 1.800 €. A Comisión ACORDA:

- ***Emitir informe favorable.***



PUNTO 9

Elección, se procede, dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas.

O presidente abre este punto lembrando a obriga da empresa auditora de proporcionar unha auditoría operativa complementaria á auditoría de contas anual. Tras un intercambio de información, don Rodrigo Cerviño propón que se analicen os procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) dos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa. Argumenta que é unha actividade crecente que se vai ampliando xeograficamente, e que sería convinte desenvolver ese crecemento con garantías, e que este é o momento de poñer os medios agora que aínda ten un volume razoable.

- ***Apróbase a proposta.***

PUNTO 10

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro.

Aclaradas algunhas observacións feitas por don Jesús Graña sobre a presentación dos convenios ante o Consello Social, a Comisión ACORDA:

- ***Darse por informada.***

PUNTOS 11 e 12

Aprobación, se procede, da aceptación da doazón á Universidade de Vigo do cadro "Retrato de Ramón María del Valle-Inclán", polo pintor Alejandro Cabeza.

Aprobación, se procede, da aceptación da doazón á Universidade de Vigo de equipos de investigación da empresa Endesa, S.L.

Examinado e coñecido o contido das propostas remitidas polo Consello de Goberno, e consonte o disposto no artigo 75.3.I da Lei 6/2013 do SUG, a Comisión ACORDA:

- ***Informar favorablemente a doazón de ambos legados.***

PUNTO 13

Rogos e preguntas

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:55 horas do 11 de decembro de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias